

LISTA DE ASISTENTES

Carballo González, Ángeles
Couto Cancela, Daniel
Dafonte Gómez, Alberto
Gómez Rodríguez, Alma María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Ríos Santomé, María José

DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 30 de novembro de dous mil dezaioito, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na salas de videoconferencia.

O día **30 de novembro de 2018** ás 10:05 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión correspondente á sesión do 8 de novembro de 2018.
2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.
3. Declarar concluído o proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supera o número de postos a cubrir e no Comité da Escola de Doutoramento.
4. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos.
5. Toma en consideración, se procede, da solicitude presentada por don Cándido Pérez Betanzos.
6. Asuntos varios.
7. Rogos e preguntas.

Ao non haber alegacións, apróbase a acta da sesión da Comisión Electoral do 8 de novembro.

Infórmase sobre o proceso electoral e apróbase delegar na Secretaría Xeral a proclamación provisional de candidatos electos.

En relación ao punto 5, sobre a petición do señor Cándido Pérez Betanzos na que solicita a súa exclusión do censo da Facultade de Filoloxía e Tradución por non pertencer á devandita facultade, acéptase a súa solicitude, xa que, aínda que as oficinas do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, servizo ao que el pertence, están na Facultade de Filoloxía e Tradución, o Servizo de Prevención está encadrado nos servizos centrais.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 h do día 30 de novembro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez